

**REUNIÓNDADA XERENCIA COS COMITÉS DE EMPRESA DO PAS
LABORAL E A XUNTA DO PAS FUNCIONARIO**

ACTA Nº4

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerente:

Manuel Fernández Jauregui

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO - Presidente)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Marisa Magaz Ledo (CCOO)

Marisa Turnes Negreira (CCOO)

Manuel Marcos García (CCOO)

José Estévez Vázquez (CCOO)

Roberto Otero Ledo (CIG)- Escusa a ausencia

Carlos Román Lago (CIG-escusa a ausencia)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG-escusa a ausencia)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Carlos Mollinedo (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG-Presidente)

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

César Gómez Gómez (CIG, escusa a ausencia)

Miguel A García Barros (UGT, escusa a ausencia)

**XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN
E SERVIZOS**

Xoan Cebro Rodríguez (CIG-Presidente)

María José Ríos Santomé (CIG- Secretaria)

Alejandro Cadabón Figueroa (UGT)

Mónica Méndez López (UGT)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral e da Xunta do PAS funcionario mantiveron unha reunión ás 10:30 horas, do 16 de novembro de 2017 na Sala I do Edificio Miralles, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación e sinatura da acta da reunión do 26 de outubro de 2017.

Carlos Mollinedo manifesta que non tivo tempo para analizar as propostas de OEP e por iso votará en contra. O Presidente do Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) pide desculpas por enviarllas aos membros do comité con pouca antelación.

Incorpóranse as alegacións formuladas e asínase a acta.



2. Negociación da oferta de emprego público para 2017 do persoal de administración e servizos funcionario e laboral da Universidade de Vigo.

Carlos Mollinedo expresa que non están negociando, que tan so se fan propostas, aínda que na orde do Consello de Goberno se inclúa este punto, dando por feito que hoxe chegarán a un acordo. Nestas reunións a Xerencia explícase pero non muda o seu criterio. Non se tivo en conta a proposta do CEPO; a do Comité de Empresa de Ourense (CEO) era pouco ambiciosa.

O Xerente indica que a negociación comezou en xullo, coas carta boca arriba, explicando cales eran os prazos, de cara a aprobar e instar a autorización da Xunta de Galicia. Na orde do día do vindeiro Consello de Goberno inclúese este punto por razón de prazos, pero non se acompañou de ningún documento, porque está supeditado ao que se acorde nesta reunión.

O Presidente do CEPO di que parece que a Xerencia fai responsables aos comités, cando ela non se moveu da súa postura nin apreciou o que o CEPO puxo riba da mesa.

O Xerente responde que todos eran conscientes dos prazos; lembra que na reunión de 20 de xullo xa se reflectiu na acta que se quedaba á espera dunha proposta e na reunión do 27 de setembro seguía sen habela. Logo tardaron 4 semanas en enviar a corrección da súa propia proposta.

O Presidente do CEPO di que se deberían ter precisado os prazos con máis claridade.

O Xerente di que os precisou e como proba le a acta do 20 de xullo: "*os prazos pasan rápido e que como moi tarde deberían reunirse na segunda quincena de setembro para rematar a OEP, preferiblemente con acordo*", polo tanto, estaban claros para todos.

Pablo Alvarez expresa que o Xerente dixo que estaban limitados polos procesos que se podían abordar cos medios que tiña a Xerencia, polo non se podía comprometer con todas as prazas. Os comités recolleron este guante da Xerencia e foron a procesos, pero se segue igual.

O Xerente reitera que na acta do 27 de setembro se recolle que despois de 2 meses os comités seguían sen presentar ningunha proposta. Propón acordar nesta reunión a OEP de 2017 e comprométese a comezar coa de 2018 a primeiros dese ano. A Xerencia fai proxectos razoables e espera o mesmo da outra parte, pero ata o de agora non expuxeron argumentos para mudar a súa postura

Federico Fernández di que a Xerencia se mantén no mesmo punto, que eles queren dar oportunidades ao persoal que ocupa as prazas e que a Xerencia se contradí no caso da ECIMAT:

O Presidente do CEO di que son un comité que fai propostas a destempo pero que esta vez non foi así. Na anterior reunión expuxeron a súa proposta aínda que a entregaran por escrito a posteriori. Nela ningún fixo lle quitaría a praza a un contratado. Na praza de Análise Instrumental falta ver as equivalencias para xustificar a contratación nesta categoría. Fixeron unha proposta moi equilibrada para cumprir os requisitos da Xerencia e en aras de chegar a un acordo.

O Presidente do CEPO preguntalle ao Xerente cal é a modificación da RPT Laboral que vai ao vindeiro Consello de Goberno.

O Xerente responde que é unha modificación que afecta ao Campus de Ourense.

Carlos Mollinedo di que é unha modificación da RPT do persoal laboral da Universidade de Vigo e que deberían saber de que se trata. Entón a RPT de Pontevedra debería negociarse so co CEPO sen perder o tempo co CEO, como pasou.

The image shows several handwritten signatures in blue ink at the bottom of the page. There are four distinct signatures, some of which are quite stylized and overlapping. The signatures appear to be in blue ink on a white background.

O Xerente le a orde do día desta reunión no que non se inclúen rogos e preguntas, polo que hai insta a centrarse na OEP.

Rodrigo Albarte solicita que se responda á proposta do CEO.

O Xerente valóraa positivamente. Afirmar que a Xerencia pretende abordar categorías completas e preferentemente prazas vacantes. Aínda que ben planteada, non poden aproximarse máis. Aposta por acadar o compromiso de comezar a negociar a OEP 2018 en canto a lei de orzamentos estatal fixe a taxa de reposición para o PAS, posto que a CRUE espera que o regulado para o PDI se estenda ao PAS. Parte do traballo feito polos comités podería retomarse nesa negociación.

Manuel Marcos quere que se aclare a posibilidade de sacar prazas que levaban en interinidade moito tempo.

O Xerente responde que todo depende da redacción da lei, na que traballa a CRUE, pero si se aplica o mesmo que para o PDI poderíase estar falando de sacar na OEP un centenar de prazas, aproximadamente, para o conxunto do PAS.

Carlos Mollinedo lamenta que a Comisión de Emprego leva sen convocarse moito tempo, que descoñece en base a que se contrata, porque so se lles convoca para negociar a OEP, a RPT e a funcionarización.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 10:30h.



